

## ***BASES DO CONCURSO DE PANXOLIÑAS “MARÍA ANGERIZ TUSET”***

***NADAL 2021***

### **PRIMEIRA – Obxecto**

É obxecto deste concurso estimular ás asociacións e coros do municipio fomentando o espírito propio do Nadal con pezas propias destas datas. Este ano adaptamos as bases do concurso á situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

### **SEGUNDA – Participantes**

Poderán participar todas as asociacións e coros de calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

### **TERCEIRA – Inscripción**

Para tomar parte no concurso deberán enviar **un único vídeo** da panxoliña ao enderezo electrónico **[cultura@alaracha.gal](mailto:cultura@alaracha.gal)** xunto coa solicitude de inscrición (dispoñible na páxina web do Concello [www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal)) debidamente cuberta e unha certificación bancaria do número de conta.

### **CUARTA – Prazo de inscrición**

O prazo de inscrición remata o **mércoles 22 de decembro de 2021**.

### **QUINTA – Funcionamento do concurso**

Os vídeos recibidos publicaranse no Facebook do Concello o **xoves 23 de decembro**. A partir do momento da publicación, as usuarias e usuarios da rede social poderán valorar os vídeos a través da opción “gústame” . O prazo de valoración abarcará dende o momento da publicación ata o 3 de xaneiro ás 12:00 horas.

Os tres vídeos con máis “gústame” serán os premiados. En caso de empate, o premio repartirase entre os gañadores.

### **SEXTA – Características dos grupos**

Para participar é indispensable que os grupos sexan **de 5 ou máis compoñentes**. Non poderán formar parte de máis de un grupo, coro ou asociación un máximo de dous compoñentes. A panxoliña pode ser cantada en galego ou en castelán, indistintamente.

### **SÉTIMA – Premios**

Cada entidade participante recibirá unha gratificación económica de 200 € polo mero feito de tomar parte no concurso. Ademais, as tres que obteñan máis “gústames” en Facebook gañarán os seguintes premios que están establecidos:

- **1ª premio: 400 €**
- **2ª premio: 300 €**
- **3ª premio: 200 €**

### **OITAVA – Publicación dos gañadores**

Os premiados publicaranse no Facebook o día 3 de xaneiro. O importe do premio será ingresado no número de conta facilitado coa inscrición.

### **NOVENA –**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

A Laracha, 19 de novembro de 2021

O alcalde

José Manuel López Varela